




DE CANGAS A NERGA

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2019



Distancia: O percorrido de Cangas a Nerga, coa ida e volta á praia do Canabal, é duns 12 km. A volta, se se coñece ben o sitio, pódese facer nuns 5 km.

Dificultade: baixa



O litoral de Cangas é tan extenso e variado que permite facer infinidade de percorridos de lonxitudes diferentes nas que sempre hai praias e cantís e panorámicas sobre as rías ou o mar exterior. Nesta ocasión fixemos a contorna urbana e alongámonos pola senda do litoral.

PERCORRIDO

Comezamos na **punta da Rodeira** para achegármonos ao límite do concello pola **praia dos Alemáns** e a da **Cova da Lontra** ata a **praia do Canabal**. Alí demos a volta sobre o camiño de ida para percorrer a **praia da Rodeira** e continuar todo o traxecto que nos foi posible pola beira do mar ata deixar atrás a vila e as instalacións portuarias do **Salgueirón** para entrar nunha nova zona a da **Congorza** na que remata o paseo para ver os restos da **antiga factoría baleeira** o **porto da Congorza**, as **praias** e a **lagoa** antes de chegar á **praia de Areamilla** para comezar o percorrido da senda costeira de Areamilla a Liméns; un percorrido case horizontal duns 2 km que ao pouco do inicio nos reserva unha sorpresa, o túnel, un cento de metros as escuras guiados só pola luz que entra pola boca de diante e fixándose nos reflexos da auga para evitar meter os pés nela a non ser que se va avisado e se dispoña unha linterna, logo todo é doado cantís con vistas e puntos de descanso, pequenos seos e grandes laxes, a **furna do Fornelo** ata o **portiño de Santa Marta** coa súa estreita entrada protexida por dúas puntas rochosas e o recollido areal do seu fondo, uns metros máis adiante, na **praia de Santa Marta**, remata a senda pero o percorrido continúa. Da praia de Santa Marta pasamos, pola **Pinela Vella**, á **praia de Liméns**, no final da praia de Liméns cruzamos o rego e polas pedras subimos a un carreiro que nos leva a unha pista, por ela chegamos a unha entrada dunha propiedade que permite o paso de peóns e baixamos á **praia de Temperáns** onde collemos un carreiro que pasa por enriba da **praia das Moscas** e a **punta da Pedra dos Patos** para chegar a un punto onde remata un camiño que baixa das casas onde collemos outro carreiro que nos achega á piscifactoría e á **praia dos Castros**, pasamos por diante da piscifactoría e logo collemos o carreiro, ben marcado porque é moi transitado por peóns e ciclistas, á esquerda do asfalto para continuar todo o preto do mar que é posible, logo por un camiño ata chegar ao cruce no que collemos á esquerda para ir á **praia da Masa** onde collemos outro carreiro que nos deixa na **praia do Con de Nerga** obxectivo e punto final do noso percorrido.

Pódese seguir camiño polas praias de **Area Meán** e de **Barra** e desde a praia de Barra coller un carreiro para ir á **punta Sobrido**, a **praia de Melide** e ao **cabo Home**.



Praia do Canabal



Praia da Cova da Lontra



Praia dos Alemáns e illa dos Ratos



Praia Rodeira



CANGAS. Porto.



Punta e praia Rodeira



O Salgueirón e antiga conservera de Massó



Peirao do Salgueirón




Praia da Bouciña ou da Cunchiña



Rampas da antiga factoría baleeira



Cabo Balea



Praia e porto da Congorza



A Ribeira do Medio



Punta Borneira e Con do Corveiro



Lagoa da Congorza




Praia das Vellas



Praia de Areamilla desde o Puntal de Areamilla




Praia de Areamilla e punta Niño do Corvo



Enseada e punta de Entremuñños



Enseada do Rei




Enseada do Rei. Praíña do Angueiro



Punta do Fanequeiro.



Punta Salgueira



Furna do Fornelo
ou dos Castros



Enseada de Liméns coas puntas do Corveiro e do porto



Praia do Porto de Santa Marta



Praia de Santa Marta e Punta Pinela Vella



Praia de Liméns e punta da Rochas dos Patos



Praias de Liméns e Santa Marta separadas polas Pinelas Vella e Nova



Praia de Temperáns



Area das Moscas



Punta da Rocha dos Patos



Punta Corveiro dos Castros



Praia dos Castros



Praia da Masa



Punta Creixiña



Praia da Folla de Nerga e punta Creixiña



Praias Folla de Nerga, O Con e Nerga.



A praias de Nerga e Barra forman un areal de 2 km de lonxitude separadas por saintes rochosos. Conservan un amplio sistema dunar sobre o que se asenta un bo número de especies de interese e pouco comúns.



Praia de Barra, Punta Preguntouro, Area meán, Praia Nova, Punta Mexiloeira, Praia de nerga, O Con e Nerga e Praia da Folla de Nerga.



Vista aérea das praias de Barra e Nerga, a punta Subrido, a praia de Melide, a punta Robaleira, o Cabo Home e a Costa de Soavela. Ao fondo as rías de Aldán e Pontevedra.